



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARNOTA

*Resolución da alcaldía pola que se acorda a apertura de expediente de investigación da titularidade de bens ou dereitos*

#### ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

**Resolución da alcaldía do Concello de Carnota pola que se acorda a apertura de expediente de investigación da titularidade de bens ou dereitos.**

Investigación camiño catastral 15020A010090180000MO. Referencia catastral correspóndese á totalidade do camiño, excepto a parte que é obxecto de investigación

Logo de instruír, polos servizos competentes deste Concello, expediente de investigación da titularidade de bens ou dereitos, publícase a resolución de apertura no BOP; a súa vez estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello de Carnota [dirección <https://sede.carnota.gal>] e expoñerase no taboleiro de anuncios do Concello un exemplar do boletín provincial, durante o prazo de quince días.

Abrirase trámite de información pública polo prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación dos anuncios no taboleiro da Corporación, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito ante a Corporación.

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

En Carnota a 06 de novembro de 2025

O alcalde

Juan Manuel Saborido Rama

2025/7327